



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL		NIVEL: 2º		MESTRA/E RESPONSABLE: MERCEDES BLANCO ALVAREZ	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Criterio de cualificación (% mínimo a acadar)		
B1.1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita de audicións.	CSC	33%		
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.	CCEC, CAA	27%		
B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.	CCEC	50%		
B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	CCEC, CSC	50%		



2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Realizárase un rexistro por parte da profesora: <ul style="list-style-type: none">• Rexistro do traballo:<ul style="list-style-type: none">- Entrega das tarefas e a súa presentación.• Rexistro de actitudes:<ul style="list-style-type: none">- O interese amosado polas distintas actividades.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">• Realización de fichas específicas de música.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Tendo en conta que a avaliación é continua, contarase coas cualificacións das primeira e segunda avaliacións e o traballo do alumno/a ata o momento de finalización das clases presenciais. O traballo do terceiro trimestre se terá en conta, sempre que iso favoreza ao alumno/a e poderá sumar para subir as cualificacións anteriores. No caso de que coas actividades e tarefas propostas non se acaden os mínimos esixidos, estas non computarán para a nota final.



3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Todas as actividades que se realizarán neste trimestre son de repaso e reforzo dos contidos traballados nos primeiro e segundo trimestres.</p> <p>Realizarase unha proposta semanal con actividades variadas, pero sinxelas para que sexa real e posible e efectiva a súa posta en práctica .</p> <ul style="list-style-type: none">• Audicións, cancións e contos musicais a través de ligazóns.• Uso didáctico dos musicogramas a través de ligazóns. Realización de audicións activas a través de musicogramas. Por exemplo:• Facer percusión corporal coa música ou o que nos indica no musicograma.• Debuxo libre e creativo a partir dunha audición, dun conto musical ou dunha canción que lles permita aos nenos e nenas expresar as impresións e sensacións.• Colorear instrumentos musicais.• Uso didáctico dos musicogramas a través de ligazóns.• escoita, identificación e clasificación de instrumentos.• Debuxar instrumentos e completar fichas escritas elaboradas pola profesora con preguntas variadas sobre eles.• Realización de actividades propostas no libro de música.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Semanalmente se programará unha clase adaptada ao nivel dos nenos e nenas e ás circunstancias nas que nos atopamos, á que se poderá acceder a través do espazo virtual AGUEIRO da que recibirán notificación os pais/nais ou titor/a legais a través do servizo de mensaxería de Abalar.</p> <p>A clase será baseada nos seguintes principios metodolóxicos.</p> <ul style="list-style-type: none">• Que favorezan a consecución de obxectivos e competencias clave.• É unha materia na que se debe cantar, escoitar música, bailar...etc que require unha práctica activa e constante pois se aprende facendo, de xeito que non se deixe de aprender en ningún momento. Por iso se propoñen actividades que



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

	<p>favorezan estes principios e fagan que os nenos e nenas manteñan o hábito de traballo ao mesmo tempo que disfrutan coa música.</p> <ul style="list-style-type: none">• Actividades que fomenten a motivación e a curiosidade pola música así como obter información e aprender. <p>No caso do alumnado sen conectividade, a aqueles que non dispoñan dun dispositivo para poder comunicarse e traballar, se lles subministrará desde o centro previa petición dos pais. Nos casos nos que non poidamos comunicarnos cos alumnos/as, poñerémonos en contacto cos titores e titoras para informalos e tratar de establecer dita comunicación e en último caso, se fará a través da dirección do centro, que se porá en contacto coa familia do alumno ou alumna.</p> <p>Ao mesmo tempo, se contestará a todas as dúbidas que os pais/nais poidan realizar a través do correo electrónico ou mensaxería Abalar.</p> <p>Nos casos en que os pais/nais non poidan acceder ao espazo virtual Agueiro e o soliciten, se lles enviará o arquivo coa clase e as fichas a través do correo electrónico. Tamén se lles enviaron os libros de música ás súas casas.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none">• Espazo virtual Agueiro.• Espazo Abalar.• Posibilidade de utilizar a Aula Virtual do centro.• Libros do alumno.• Material elaborado pola profesor.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP A Maía

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>A adaptación da programación será colgada na páxina web do centro unha vez sexa validada pola inspección educativa.</p> <p>Tamén a través do servizo de mensaxería Abalar se lles notificará aos pais/nais/titores legais, da adaptación da programación e se é necesario se aclararán as dúbidas que esta poida suscitar a través da citada mensaxería ou ben a través do correo electrónico, sempre que os pais ou nais o soliciten.</p>
Publicidade	<p>https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamaia/</p>